

Números decimais

Unidade 2: Os números e a súa utilidade II

Aula de informática

Obxectivos:

- Utilidade dos números decimais
- Representación sobre a recta numérica de números decimais
- Tipos de números decimais
- Representación de fraccións na recta numérica

Instrucións para acceder ao material de traballo:

- ✓ Acceder á páxina principal do proxecto Descartes escribindo na barra de direccións: <http://descartes.cnice.mec.es>. Seleccionar a opción "Unidades Didácticas". Tamén podes acceder tecleando na barra de direccións http://descartes.cnice.mec.es/indice_ud.php.
- ✓ En cada apartado aparecerán os enlaces ás páxinas coas actividades propostas.

Indicacións:

1. Le detidamente cada un dos apartados e fai as actividades que se che propoñen.
2. Resposta nesta folla ás cuestións que se che fan e aos exercicios que se che propoñen, poñendo exemplos que axuden a comprender as respostas dadas.

Actividades

1. Números decimais

A expresión decimal dos números permite valoralos, comparalos e operar con eles dun xeito cómodo e eficaz.

Utilízanse habitualmente para representar medidas, pois con eles podemos expresar calquera medida comprendida entre dous enteiros.

Existen varias clases de números enteiros:

- **Decimais exactos.** Son os que teñen un número limitado de cifras decimais. Por exemplo: 2.25, -3.72, 0.12, ...
- **Decimais periódicos** son os que teñen infinitas cifras decimais que se repiten periodicamente. Hainos de dous tipos:
 - ✓ Periódico **puro.** Nos que as cifras decimais son todas periódicas. Exemplos: $0.\overline{3} = 0.333333333...$
 $1.\overline{12} = 1.12121212...$
 - ✓ Periódico **mixto.** Os que teñen algunha cifra decimal que non se repite e as outras repítense indefinidamente. Exemplos:
 $1.25\overline{3} = 1.253333333333...$
 $0.0\overline{63} = 0.063636363...$

- **Decimal non periódicos con infinitas cifras decimais.** Un exemplo moi coñecido deste tipo de números e

$$\pi = 3,1415926535897932384626433832795\dots$$

2. Representación de números decimais

Na unidade "[Representación en la recta](#)" de 4º ESO, accede ao apartado [Representación de números enteros](#). Le con atención e realiza o exercicio que se che propón no apartado "Representación de los números decimales"

Debuxa a recta numérica e sitúa nela os seguintes números decimais: 3.25, -2.1 e 0.124

3. Representación de racionais

Na mesma unidade accede a [Representación de números racionales](#)

Que é unha fracción propia?

E unha fracción impropia?

Fai na túa casa, coa axuda dunha regra e dun compás, os exercicios que che propoñen na páxina web.